

# Accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras desempregadas (2026 - 2027)

**TR301K** Información para entidades de formación

Apoio á formación nas especialidades formativas relacionadas no anexo III da convocatoria, para a adquisición e mellora de competencias profesionais con impacto no mercado laboral conducentes a unha formación total ou parcial incluída nun certificado profesional destinada a persoas desempregadas.

Prazo aberto do **20 de xaneiro** ao **30 de novembro de 2026**



Orzamento 2026-2027  
**40.000.000 €**



## Entidades beneficiarias

- » Entidades e centros de formación que, con anterioridade á data de presentación da solicitude, estean acreditados para impartiren no ámbito da Comunidade Autónoma as ofertas formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C para as cales soliciten subvención, xa sexa na modalidade presencial ou virtual (entendida esta última como teleformación).
- » As entidades que soliciten impartir a formación na modalidade virtual deberán contar con autorización previa para a impartición das mesmas ofertas na modalidade presencial.



## Aspectos clave

A adxudicación é mediante **concorrenza non competitiva** (sen baremo)

A acreditación da entidade de formación **debe ser previa** á solicitude

Pode solicitarse en **calquera momento** mentres estea aberto o prazo e haxa orzamento

Prazo de resolución da solicitude e notificación **dun mes** desde a presentación

**Compromiso previo de participación** do 30 % de alumnado desempregado

Data **límite para a execución** das accións formativas:  
**31 de marzo de 2027**

Posibilidade de impartir as ofertas formativas **recollidas no anexo III** da convocatoria

Non poderá iniciarse ningunha acción ou grupo que non reúna un **mínimo de 8 persoas**

As accións formativas **comezarán no prazo máximo de 3 meses** dende a resolución

## Características por modalidade

	Máximo	Persoas que inician	Desagregación	Persoas ocupadas
Modalidade <b>presencial</b>	<b>15</b> persoas	Mínimo <b>50 %</b>	Non poden desagregarse en grupos	Máximo <b>30 %</b>
Modalidade <b>virtual</b>	<b>30</b> persoas	das persoas desempregadas que asinaron o compromiso previo	Poden desagregarse en grupos	do total das persoas participantes

# Accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras desempregadas (2026 - 2027)



## Intensidade da axuda

Poderá solicitarse un  
**anticipo do 60 %**  
do importe global concedido

- » O réxime de concesión e xustificación da subvención será a través de **módulos económicos**, coas contías establecidas para cada especialidade formativa no anexo III da convocatoria.

### Contía modalidade presencial

Nº de participantes para os que a entidade solicita subvención



Nº de horas do programa formativo



Módulo económico específico (anexo III)

### Contía modalidade virtual

Será de aplicación o **70 % do importe do módulo económico presencial** euro/hora por persoa alumna, cunha **contía máxima de 6 €**

**A valoración económica dos módulos transversais será a mesma que a establecida no anexo III para os contidos específicos da acción formativa.**

Costos adicionais derivados da contratación de persoas especializadas na atención do alumnado con discapacidade

**16 €**  
por hora lectiva

Gastos para a adecuación das condicións físicas e/ou tecnolóxicas, e a dotación de recursos e medios didácticos apropiados ás persoas con discapacidade

**500 €**  
máximo por alumno/a

formación en empresa (por persoa alumna e hora de prácticas efectivamente titorizada).

**3 €**  
por persoa alumna



## Límites e criterios de aplicación para a resolución

- » As solicitudes poderán incluír ata un **máximo de 6 accións formativas** por censo. Este número **poderá incrementarse** ata o número de accións formativas do procedemento TR301K iniciadas polo censo solicitante na última convocatoria finalizada, cun **máximo de 10**.
- » No caso de que a solicitude **non inclúa o número máximo de accións formativas para ese censo**, poderanse presentar novas solicitudes **sempre que o total non supere o dito número máximo**.

Unha vez **iniciadas o 40 % das accións formativas concedidas a un censo**, a entidade beneficiaria **poderá presentar unha nova solicitude** de subvención para o dito censo.

- » Notificada a concesión de accións para un determinado censo, as entidades **poderán publicar no buscador Diplos** novas ofertas formativas a impartir no citado censo.

Número máximo de accións formativas dunha mesma especialidade que poden publicarse simultaneamente

**2**

por provincia

Acceso á ficha da sede electrónica



[Pulsa ou escanea]

O incumprimento do prazo establecido para o inicio das accións formativas e as renuncias non xustificadas a impartir unha acción formativa subvencionada **suporán a perda do dereito** (durante 3 meses) da entidade beneficiaria a **solicitar unha nova subvención** para accións formativas a impartir **no censo que renunciou**, se as accións non executadas superan o **20 % das concedidas**.